

Tema 3

1814 – 1833. A restauración de Fernando VII e do absolutismo:

as etapas do reinado

(delimitación temporal e características principais)



Fernando VII

En 1814 retornou a España Fernando VII, que reinou ata a súa morte en 1833. Durante todo o seu reinado, o rei desexado gobernou dunha maneira mesquiña e vingativa, empregando todos os medios para actuar como monarca absoluto. Enfrontouse duramente cos liberais e co sistema político creado en Cádiz. No seu reinado diferéncianse tres períodos: o Sexenio Absolutista (1814-20), o Trienio Liberal (1820-23) e a Década Ominosa (1823-33).

O Sexenio Absolutista. 1814-1820

En marzo de 1814 Fernando VII foi recibido en España con grande entusiasmo popular. Porén, o seu retorno presentaba un grave problema político, pois non se sabía se o rei aceptaría ou non as reformas das Cortes de Cádiz. Os liberais esixían que o rei acatase e aprobase os decretos e a Constitución de 1812, pero os absolutistas defendían que o rei debía recuperar a plenitude da súa soberanía e declarar nulas todas as reformas. Así llo pediu un grupo de deputados a través dun documento coñecido como o Manifesto dos Persas.

Manifesto dos Persas: “Que al Señor Don Fernando VII hacen en 12 de abril del año de 1814 los que suscriben como diputados en las actuales Cortes ordinarias de su opinión acerca de la soberana autoridad, ilegitimidad con que se ha eludido la antigua Constitución Española, mérito de esta, nulidad de la nueva, y de cuantas disposiciones dieron las llamadas Cortes generales y extraordinarias de Cádiz (....)SEÑOR: 1.- Era costumbre en los antiguos Persas pasar cinco días en anarquía después del fallecimiento de su Rey, a fin de que la experiencia de los asesinatos, robos y otras desgracias les obligase a ser más fieles a su sucesor. Para serlo España a V. M. no necesitaba igual ensayo en los seis años de su cautividad”

Contando co apoio de gran parte dos eclesiásticos, nobres e xefes militares, Fernando VII declarou nulos os decretos e a Constitución de 1812 e restableceu o poder absoluto do rei e as vellas institucións do Antigo Réxime mediante un decreto asinado en Valencia en maio de 1814. O retorno ao absolutismo provocou escasa oposición nas masas populares, que identificaban as reformas liberais como agresións á relixión e aos costumes tradicionais. Ao mesmo tempo, a definitiva derrota de Napoleón en 1814 permitiu a restauración do absolutismo en case toda Europa.

Decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz (1814):

."As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despoxáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos (...); e ó que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíase de vontade xeral (...).

Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas (...), senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos.."

As forzas liberais, formadas fundamentalmente por militares procedentes das guerrillas e a burguesía, eran minoritarias e non estaban preparadas para enfrontarse ao rei. Moitos foron perseguidos, algúns marcharon ao exilio e outros formaron sociedades secretas de carácter masónico. Para obrigar o rei a aceptar o sistema liberal recorreron á conspiración e ao **pronunciamento**, é dicir, ao levantamento de parte do exército que se pronuncia a



Pronunciamento de Riego

favor da substitución da monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da

Constitución de Cádiz. Os sucesivos intentos que realizaron fracasaron, sendo a meirande parte dos seus organizadores detidos e executados. Un dos primeiros pronunciamentos foi o que tivo lugar na Coruña en 1815 liderado por Juan Díaz Porlier.

O 1 de xaneiro de 1820, entre as tropas preparadas en Andalucía para ir combater os independentistas americanos, Rafael Riego esixiu en Cabezas de San Juan (Sevilla) o restablecemento da Constitución de 1812.

Inicialmente, só secundou a súa acción unha pequena parte do exército que, dirixida por Antonio Quiroga, tomou a Illa de León (Cádiz). O triunfo liberal tivo lugar cando o 21 de febreiro, na cidade da Coruña, a meirande parte dos oficiais, dirixidos por Félix Acevedo e contando co apoio da burguesía local, detiveron as autoridades realistas, nomearon unha Xunta de Goberno de Galicia e restableceron a Constitución de 1812. As accións coruñesas foron seguidas por procesos similares en distintas cidades de Galicia e de España. Ante o éxito dos pronunciamentos liberais e sen apoios, Fernando VII viuse obrigado a aceptar a Constitución o 10 de marzo de 1820. O triunfo dos revolucionarios españois causou asombro en toda Europa e foi imitado en varios puntos, dando lugar ao que se coñece como a vaga revolucionaria liberal dos anos 20.

en 1820 Fernando VII reimplanta o liberalismo...

« Mentres eu cavilaba maduramente, coa solicitude propia do meu paternal corazón, sobre as variacións do noso réxime fundamental (...) fixéstesme entender a vosa arela de que se restablecese aquela constitución, que entre o estrondo das armas hostís, foi promulgada en Cádiz (...) Xurei esta Constitución pola cal suspirabades e serei sempre o seu máis firme apoio (...) Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional. »

Os gobernos liberais restableceron a lexislación aprobada polas Cortes de Cádiz: Constitución, Cortes, eleccións baseadas no sufraxio universal indirecto, liberdade de imprenta, formación de concellos constitucionais, Milicia Nacional, abolición da Inquisición... Ademais, deron novo pulo ás transformacións sociais, económicas e administrativas: supresión de conventos (máis de 800 ata 1822), exclaustración eclesiástica, desamortización dos bens da Inquisición e dos conventos suprimidos, esbozo dunha nova división provincial, reforma da instrución pública (primaria, media, superior), novo código penal, supresión da metade do décimo eclesiástico...

Pero as diferenzas entre os liberais sobre temas como a necesidade de introducir ou non modificacións na Constitución, o poder da Coroa, a participación política do pobo ou a soberanía da nación, deron lugar á aparición de dúas correntes ou tendencias diferenciadas, os moderados e os exaltados, duramente enfrontadas polo control das institucións. Esta división liberal favoreceu os intentos

absolutistas de restaurar o Antigo Réxime, contando co apoio de Fernando VII, que nunca acatou sinceramente a imposición da Constitución.

A Década Ominosa ou absolutista. 1823-1833

O medo á extensión da revolución por Europa levou ás potencias absolutistas, reunidas en Verona en 1822, a decidir a súa intervención en España para restaurar o goberno absolutista de Fernando VII. En 1823, un exército francés, popularmente coñecido como os Cen Mil fillos de San Luís, dirixido polo duque de Angulema, invadiu España acompañado por partidas de Voluntarios Realistas españois. Agás nalgunhas zonas, como Cádiz e A Coruña, case non atoparon resistencia, de modo que Fernando VII recuperou o poder absoluto e decretou, en outubro de 1823, a abolición de todas as leis e institucións creadas durante o Trienio Liberal.

Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os

actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, viñen decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor tódolos actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade.”

A nova restauración absolutista provocou unha dura represión contra os liberais. Moitos dos seus líderes e simpatizantes foron perseguidos ou executados (Riego, o Empecinado...). Outros tiveron que marchar ao exilio cara a Xibraltar, Inglaterra ou Francia. A pesar da persecución, os liberais seguiron conspirando para restablecer as liberdades en España, fracasando nos seus intentos. Toda a poboación estivo sometida ao control da policía e dos corpos de Voluntarios Realistas formados polos defensores do absolutismo, da relixión e da tradición. Aínda así, os ultrarrealistas ou realistas puros acusaron de pusilánime a Fernando VII e fóronse agrupando arredor de seu irmán Carlos quen, ante a falta de descendencia do monarca, era considerado o futuro herdeiro do trono.

En 1829 Fernando VII casou con María Cristina de Borbón e do seu matrimonio naceron dúas fillas: Sabela e Luísa Fernanda. Como a Lei Sálica, introducida por Filipe V, impedía a sucesión no trono ás

mulleres, o rei derogou a devandita lei en 1830 e proclamou a súa filla Sabela como herdeira. Esta decisión orixinou un grave problema dinástico, pois Carlos, o irmán do rei, e os realistas puros opuxéronse a esta medida. En 1833, morreu Fernando VII e Carlos reclamou a Coroa de España, ao mesmo tempo que a raíña viúva María Cristina facía o mesmo para a súa filla Sabela. O choque de intereses propiciou o estoupido da guerra carlista e a oportunidade de que os liberais recuperasen o poder.

Imaxes : WikiCommons (Dominio Público)